



## SE UNHA ESCOLA PECHA, AFÉCTANOS A TODOS

Unha das nosas escolas está en situación de risco de peche; xa que non contamos con un reparto equilibrado das matrículas nas diferentes escolas.

O noso CRA está configurado por 7 escoliñas situadas nos concellos de Coristanco, Santa Comba e a Baña; pero unha delas está en risco: Feiranova: a escola coa mellor contorna de todo o CRA, a máis ampla, a que sempre nos acolle na maior parte das convivencias, o espazo exterior perfecto para correr, xogar e aprender.

Este curso académico contamos co claustro de profesorado ó completo, un total de 15 mestres e mestras entre os que ademais das 7 titoras están os especialistas de lingua estranxeira, música, educación física, 2 mestres de apoio e un Departamento de Orientación cunha orientadora, especialista en Pedagogía Terapéutica e especialista en Audición e Linguaxe.

O peche dunha escola é unha situación sen retorno, unha vez se pecha a porta, nunca máis se volve a abrir. Legalmente como CRA configurámonos como un centro único e a perda dunha unidade (escola) conleva tamén a

perda de postos docentes e recursos para o centro. Isto conleva perder profesores de apoio, especialistas, calidade na atención ao alumnado (especialmente ao alumnado con necesidades), secretaría... e tamén económicos: compra de material, saídas, convivencias...


Por todo isto, salvar as nosas escolas é labor de todos. Somos un CRA de 7 escolas e así queremos continuar. Salvemos as nosas escolas para poder continuar co noso modelo educativo. As portas das nosas aulas están abertas para todas aquelas familias que queiran vir visitarnos.



E ti, a que cole irías? Vén a escoliña do rural

## O cine máis pequeno do mundo

Nunha aldea de Ponteceso constuíron un cine dentro dun horreo.



O nome deste cine é Tornarratos

Este é un cine para adultos e pequenos, está feito de madeira e ademais non só proxectan películas se non que contan contos e poñen música.

## A saúde é o primeiro

Precisamos comer sano.




Obradoiro de alimentación saudable.

Os alimentos ultraprocesados provocan graves problemas de saúde: asma, problemas gastrointestinais, cancro, obesidade. é preciso desenvolver medidas de saúde pública como, por exemplo, dar máis información sobre hábitos saudables.

## En Finlandia o importante é o xogo.

Ata os 7 anos non comeza a educación formal.



Nenos xogando ao aire libre.

En Finlandia, antes dos 7 anos, as nenas e nenos aprenden a facer amigos, comunicarse, ser activos e explorar o exterior mediante o xogo. Os profesores e profesoras afirman que a esas idades precisan máis iso que a presión académica, os traballos puntuados e o tempo excesivo de pantallas.

## A zona arqueolóxica de Chichen Itzá recibe miles de turistas diarios

Chichen Itzá é un dos sitios arqueolóxicos máis importantes de México, pois recibe nun só día arredor de 5.000 persoas.

Ten moita afluencia de xente porque é unha pirámide que construíron os Maias fai 1.400 anos, e pertence a unha das 7 marabillas do mundo.




## Coñece os bailes e danzas típicas de países de América latina

O 29 de abril é o día internacional da danza. Todos os países teñen bailes típicos. En América do Sur son:

- O tamunangue venezolano
- A cueca chilena
- O tango arxentino
- O danzon cubano
- O merengue da república dominicana
- O carnavalito boliviano
- A cumbia colombiana



## Un pobo de Uruguai chama a atención de aficionados do arte



Un pobo costeiro de Uruguai converteuse no centro da arte, cultura e gastronomía.

Este lugar conta cos principais museos de arte contemporáneo, galerías e fotografías.

# SABÍAS QUE?

Descubre algunhas curiosidades do oso panda



O oso panda...

- ★ Come entre 10 e 18 kg de alimento ao día
- ★ Ten pouco bambú para comer pola tala dos bosques de bambú
- ★ Está en perigo de extinción
- ★ Pesa entre 100 e 115 kg
- ★ É bo nadador
- ★ Durme 12 horas ao día
- ★ Ten o pelo branco e negro e camúflase entre neve ou pedras

## MULLERES CIENTÍFICAS EN ASIA

**DÚAS MULLERES ASIÁTICAS DESTACAN POLO SEU TRABALLO NA CIENCIA**



Yi So-Yeon foi a primeira persoa surcoreana en viaxar ao espazo en 2008 onde realizou experimentos durante 9 días.

O aterrizaxe da nave tivo problemas que lle causaron grandes problemas nas súas costas

Michiyo Tsujimara estudou as propiedades do té verde descubriendo que era rico en vitamina C.

As súas primeiras investigacións enfocáronse nos vermes de seda, para despois facer os estudos sobre as follas de té verde.



## ATOPADO UN FÓSIL DE DRAGÓN CHINO

**Varios expertos descubren un fósil con aspecto de dragón chino**

Segundo os expertos, o fósil ten 240 millóns de anos.

O tamén chamado dragón chino vivía na profundidade do mar. Estaba completamente adaptado ao estilo de vida oceánico, pois o fósil ten aletas e atoparon peixes perfectamente conservados no seu estómago.



Un grupo de científicos e paleontólogos atopan un fósil que, por ter un pescozo moi longo de 32 vertebras, semella un dragón chino.

Na cidade da Gran Muralla levan 10 anos estudando este acontecemento por lembrar ao dragón do Carnaval.

## EN ÁFRICA NON USAN DATÁFONOS

A POBOACIÓN AFRICANA NON SABE O QUE SON OS DATÁFONOS

As persoas de África empregan o diñeiro en efectivo nas súas compras, e os seus habitantes non saben o que son os datáfonos. Pero en Coristanco a poboación xa é moi moderna que paga nas tendas con tarxetas, co teléfono e mesmo con relexos.



## O DIÑEIRO DE KENIA

A MOEDA OFICIAL DE KENIA É O CHELÍN KENIANO


Os chelíns kenianos teñen un valor inferior ó euro. Se vas de viaxe a Kenia mira a táboa e leva moedas e billetes. As moedas de Kenia teñen imaxes de animais da sabana.

EUROS	CHELÍNS
1	145
5	729
10	1459
20	2919

## ÁFRICA É UNHA MINA OURO, DIAMANTES, COBALTO, PLATINO,...


O continente africano ten escondido debaixo da terra moitas reservas naturais, está cheo de minerais .

Aínda que é un continente moi rico en minerais a maior parte da poboación está empobrecida.



# ÚLTIMAS NOTICIAS EN EE.UU.

## ISAIAH THOMAS REGRESA A NBA



Thomas nuna tira a toalla e en cada campaña consegue arañar uns cantos partidos na mellor liga do mundo, Nesta ocasión foi tras promediar 33 puntos e un 45% en triples.

## REEM ALSALEM



“EE.UU. debe defender os dereitos das mulleres e nenas no deporte”



## EE.UU. CONQUISTA A PRIMEIRA COPA DE OURO FEMININA

A selección dos Estados Unidos proclamouse campiona da primeira edición da Copa de Ouro Feminina da CONCACAF despois de impoñerse por un solitario 1-0 a Brasil na final disputada en San Diego (Estados Unidos).

Despois da decepción sufrida no pasado Mundial de Australia e Nova Zelandia, onde caeu nos oitavos de final ante Suecia, o combinado estadounidense volviu a senda dos éxitos batindo a un rival que tampouco atravesara o seu mellor momento, aínda que dominou por moitos momentos o encontro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/craatarandeir>

## A Voz da Tarandeira

### EQUIPO DIRECTIVO:

#### DIRECTOR:

Jesus

#### SECRETARIA:

Jihan

#### MESTRES:

##### APOIO:

Lucía

##### MÚSICA:

Gonzalo

##### INGLÉS:

Sonia

#### AUDICIÓN E LINGUAXE:

Beatriz

#### EDUCACIÓN FÍSICA:

Carlos

#### PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

Clara

#### TITORA DE OCA:

Ángela

#### TITORA DE FEIRANOVA:

Lidia

#### TITORA DE RABADEIRA:

Claudia

#### TITORA DE XAVIÑA:

Jihan

#### TITORA DE BUSTO:

Iria

#### TITORA DE SAN CRISTOVO:

Andrea

#### TITORA DE LAÑAS:

Patricia

Edita: Sede da Biblioteca do CRA

Teléfono: 881 88 05 52

Dirección: Lugar da


Esfarrapa, 52 - 15147

Coristanco (A Coruña)

Correo electrónico:

cra.atarandeira@edu.xunta.gal

## FABIO&SARAY&GALA&ISMAEL&XIANA&IAGO



### A TARANDEIRA SOSTIBLE

#### AINHOA

Alumna de 1º de primaria en Oca

Unha alumna pensa que é moi importante non malgastar auga ao lavar as mans, os dentes, os pratos, os coches... porque senón chegará a sequía e os ríos secaranse. Por culpa disto, van a morrer os animais. Ademais, podennos cortar a auga durante horas. Isto é moi grave!

#### MANUEL

Alumno de 1º de primaria en Oca

Os nenos e nenas de Oca pensan que non podemos queimar bosques porque o fume contamina e as árbores dannos osíxeno e destrúese o planeta.

#### BRUNO

Alumno de 1º de primaria en Oca

Debemos reducir o consumo de plástico, por exemplo usar bolsas de papel, usar botellas reutilizables e comprar cousas sen envases. Isto é moi importante porque os animais dos océanos están en perigo e ademais están comendo pellets. O noso corpo contáminase!

#### EDUARDO

Alumno de 2º de primaria en Oca

Os nenos e nenas do CRA A Tarandeira e os mestres e mestras están moi preocupados polo cambio climático. Por

#### TRIANA

Alumna de 2º de primaria en Oca

Todos no CRA A Tarandeira estamos preocupados. Por isto, imos explicar como parar o cambio climático.

Unha maneira é non cortar árbores e plantar mais. Non podemos agardar mais porque nos podemos extinguir coma os dinosaurios

iso queremos explicarvos as medidas coas que todos podemos contribuir a paralo. Unha delas pode ser reciclar mais e botar os residuos no

#### ANTÓN

Alumno de 2º de primaria en Oca

Todo o alumnado pensa que unha maneira de evitar o cambio climático pode ser usar mais a bicicleta e menos o coche. Así reduciremos a contaminación na atmósfera. Hai que facelo xa. Porque así imos acabar coma Marte.

contenedor correspondente. É necesrio empezar hoxe ou todo vai acabar mal porque a Antártida derrétese.

## BUSCA AS 5 DIFERENZAS



## SOPA DE LETRAS


C	A	N	G	U	R	O
E	M	U	S	Z	X	C
T	K	I	W	I	K	R
D	I	N	G	O	F	J
C	A	C	A	T	Ú	A
K	O	A	L	A	N	C
W	O	M	B	A	T	I

KOALA      CANGURO      EMÚ  
CACATÚA      KIWI      DINGO      WOMBAT

## SUDOKU

			4
2			3
4		1	2

## CRUCIGRAMA



## VERTICAIS

1. É o marsupial máis feliz do mundo.
2. Ave pequena e non voadora propia de Nova Zelanda.
3. Mamífero ao que lle encanta durmir e comer eucalipto.
5. Animal de gran tamaño que salta para moverse.

## HORIZONTAIS

4. Mamífero semiacuático que pon ovos.
6. Ave grande que vive en Australia e non pode voar.
7. Mamífero que fai caca en forma de cubo.




# 8 O TEMPO

## SIDNEY CADA HORA

08:00H  21°	10:00H  23°	12:00H  24°	14:00H  27°	16:00H  27°	18:00H  25°	20:00H  23°
-------------------	-------------------	-------------------	-------------------	-------------------	-------------------	-------------------

## O TEMPO HOXE EN AUSTRALIA



### SOLUCIÓNS PASATEMPOS

5 DIFERENZAS

4	3	1	2
2	1	4	3
3	4	2	1
1	2	3	4

SUDOKU

W	M	O	A	T	I	
K	O	A	L	A	N	C
C	A	G	A	T	R	A
O	I	N	G	O	F	I
T	K	I	W	I	K	A
E	M	U	S	Z	X	C
C	A	N	B	A	T	A

SOPA DE LETRAS

CRUCIGRAMA

- Quokka
- Kiwi
- Koala
- Ornitornico
- Canguro
- Emu
- Wombat